# TERMOS E CONDICIÓNS DE COMPRA

## 1. **INFORMACIÓN XERAL**

Os presentes Termos e Condicións regulan o servizo de xestión e explotación de aparcadoiros, polo que as empresas do Grupo SABA identificadas no **Anexo 1** (en adiante, "**SABA**"), poñen a disposición de Particulares, Comercios e Empresas (en adiante, os "**Clientes**" ou o "**Cliente**") a través do Sitio Web, para a súa contratación, os servizos fornecidos por SABA ao Cliente (en adiante, os "**Servizos**") e que se describen no Sitio Web.

No Anexo 1 achégase a identificación da compañía coa que o Cliente contrata en función da localización do aparcadoiro.

A compra dos Servizos implica a aceptación dos presentes Termos e Condicións, así como do resto das condicións ás que está suxeito o Cliente, e en particular o Aviso Legal e a Política de Privacidade e Política de Cookies.

Se o Cliente desexa contactar con SABA para calquera dúbida ou incidencia coa súa compra, pode utilizar o enderezo de correo postal indicado no **Anexo 1**, o número de teléfono 902288030 ou, se o prefire, o correo electrónico a través di enderezo atclientesaba@saba.eu.

Estes Termos e Condicións son aplicables a partir da súa publicación en Internet e non poderán aplicarse aos contratos concluídos anteriormente. Cada contratación na páxina web réxese polos Termos e Condicións aplicables na data da compra e pagamento do Servizo contratado. Para iso, é conveniente que os Clientes lean os Termos e Condicións antes de utilizar e/ou contratar algún dos Servizos, os cales estarán presentes en todo momento en lingua castelá, así como en lingua catalá, galega ou éuscaro na sección na que estean dispoñibles no Sitio Web. Como proba do coñecemento e aceptación destes Termos, o Cliente deberá premer o botón *"Lin e acepto os Termos e Condicións de Compra"* se está conforme para, unha vez seleccionado o Servizo que desexa adquirir, acceder á pantalla de pagamento. Os trámites de contratación e/ou utilización do Servizo son aqueles que se describen nos presentes Termos e Condicións, así como aqueles outros específicos que se indiquen en pantalla durante a navegación, de maneira que o Cliente declara coñecer e aceptar os devanditos trámites como necesarios para contratar o Servizo.

Coa aceptación dos presentes Termos e Condicións, o Cliente acepta expresamente e manifesta coñecer o Aviso Legal, que tamén rexe o uso que realice dos Servizos, e que é de aplicación no que respecta á presente cláusula.

Os Servizos ofertados no Sitio Web, xunto coas súas características, descricións e prezo total, así como a garantía legal correspondente e, no seu caso, outras garantías comerciais que puidesen asistir ao Cliente, aparecerán en pantalla.

SABA resérvase o dereito a decidir en cada momento os Servizos que se conteñan e ofrezan aos Clientes a través do Sitio Web. Deste modo, SABA poderá, en calquera momento, engadir novos Servizos aos incluídos no Sitio Web, entendéndose, salvo que se dispoña outra cousa, que tales novos Servizos se rexerán polo disposto nos Termos e Condicións en vigor nese momento. Así mesmo, SABA resérvase o dereito a deixar de facilitar o acceso, en calquera momento e sen previo aviso, a calquera dos Servizos ofrecidos no Sitio Web.

## 2. MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS

SABA resérvase o dereito a modificar unilateralmente estes Termos e Condicións de Compra en calquera momento. Todas as modificacións destes Termos e Condicións de Compra publicaranse en liña. O Cliente estará suxeito a aquela versión do presente documento que aceptou no momento da compra.

## 3. **PROCESO DE COMPRA EN LIÑA**

Para a adquisición dos Servizos ofertados no Sitio Web, o Cliente deberá seguir as indicacións que se lle mostren en pantalla e aceptar a compra mediante o cumprimento das devanditas indicacións.

No caso de que o Cliente sexa unha persoa física, debe ter polo menos 18 anos para adquirir os Servizos.

A contratación levarase a cabo mediante a cobertura por parte do Cliente dos diferentes formularios que se presenten ao longo de todo o proceso de compra e a aceptación expresa por parte do Cliente dos presentes Termos e Condicións e de todas as condicións aplicables ao produto contratado. No proceso de compra, premer o botón "**Pagar e Finalizar Compra**" para enviar o formulario cuberto finalizará o proceso, suporá a completa aceptación por parte do Cliente da proposta comercial de SABA e das condicións aplicables e redireccionará a unha páxina de confirmación da compra en pantalla, que o Cliente pode imprimir.

O Cliente debe rexistrarse previamente como usuario na Oficina Virtual.

O Cliente, ao efectuar a compra, recibirá un localizador (en adiante, o "**Código**"). O Código dá dereito a desfrutar do servizo contratado.

O Código só se pode trocar completamente. Para determinados produtos, o troco deberá realizarse fisicamente no aparcadoiro afectado pola contratación. Este feito seralle advertido durante o proceso de contratación.

No caso de que os Servizos contratados consistan na compra de horas ou de saldo para consumo (por exemplo, Tempo, Vale Hora ou Vale Euros), a dispoñibilidade de prazas estará

suxeita ao nivel de ocupación dos aparcadoiros. No caso de compra de produto multidía, o cliente si terá dereito á reserva de praza.

No caso dos abonos, SABA informará o Cliente mediante correo electrónico no suposto de que o Servizo contratado non puidese ser facilitado nas condicións pactadas. Nese caso, SABA porá á disposición e á elección do Cliente, (i) outro Servizo de prestacións similares (se estivese dispoñible) ou (ii) o reembolso do prezo de compra do Servizo contratado inicialmente.

4. **PREZO E MODO DE PAGAMENTO**

Os prezos dos Servizos mostrados no Sitio Web expresaranse en euros e inclúen calquera imposto aplicable e outros custos que se puidesen aplicar. En caso de Servizos susceptibles de envío a domicilio, os gastos de transporte e envío aplicaranse ás entregas de produto e serán mostrados cando correspondan.

O pagamento do Servizo contratado polo Cliente efectúase a través de tarxeta de crédito ou débito ou a través do sistema PayPal (conta PayPal ou pagamento con tarxeta) ou calquera outra plataforma de pagamento que SABA poida pór a disposición do Usuario no futuro. Neste sentido, o Cliente deberá cubrir os datos ou o formulario ao que sexa redirixido en función do método que seleccionou en cada caso.

Para proceder ao pagamento, o Cliente deberá seguir todas e cada unha das instrucións que aparecen en pantalla, proporcionando a información requirida. O Cliente comprométese a non fornecer datos falsos, incluídos nomes, enderezos e/ou información de contacto ou pagamento; a non iniciar ningunha actividade ilegal en conexión coa compra e a non permitir que ninguén o faga.

Para efectuar o pagamento, o Cliente será redireccionado á web da entidade encargada de procesar o pagamento, onde poderá pagar coa súa tarxeta de débito ou crédito de maneira segura.

En función da plataforma de pagamento empregada, para poder facer efectivo o pagamento, o Cliente deberá aceptar previamente as condicións da plataforma de pagamento, responsable de xestionar e levar a cabo todo o proceso de pagamento e de cobro do Servizo contratado, actuando na súa condición de provedor de pagamento de SABA.

SABA manifesta que non ten acceso nin almacena datos sensibles relativos ao medio de pagamento utilizado polo Cliente. Unicamente a entidade correspondente que procesa o pagamento ten acceso a estes datos para a xestión dos pagamentos e cobros.

Todos os datos proporcionados para estes efectos cífranse para garantir a súa máxima seguridade.

5. **CONDICIÓNS DE USO DO CÓDIGO**

A compra dun Código enténdese como realizada para o uso persoal, ben do Cliente, ben de calquera terceiro ao que este designe. Queda expresamente prohibido:

i) A venda ou uso do Código con finalidades lucrativas.

ii) A copia do Código.

Unha vez emitido o Código, o Cliente será o único responsable da súa custodia. SABA non se responsabiliza da perda ou do roubo do Código. O Código é responsabilidade exclusiva de vostede.

A utilización do Código con finalidades distintas ás previstas nos presentes Termos e Condicións (i) poderá levar a anulación do Código e (ii) eximirá en todo caso a SABA de calquera responsabilidade fronte ao Cliente e fronte ao terceiro adquirente, alén do feito de que SABA se reserva cantas accións lle correspondan en dereito.

6. **DEREITO DE DESISTENCIA E REEMBOLSO**

SABA infórmao de que, con subxección ás condicións establecidas na presente cláusula, terá dereito a desistir a estes dereitos sen necesidade de xustificación respecto dos seguintes Servizos:

i) *Abonos e multidías*: nun prazo de 14 días naturais desde a contratación en liña do Servizo salvo que o Cliente faga uso do abono ou multidía con anterioridade, en cuxo caso decaerá o seu dereito a partir dese momento, rexéndose polos termos e condicións do seu contrato de abono.

Non será posible desistir do multidía a partir do primeiro día para o cal o multidía foi contratado, dado que este produto se comercializa como un paquete unitario, no que SABA aplica bonificacións sobre o prezo tendo en conta esa contratación unitaria.

ii) *Tempo horas, vales horarios, vales euros e saldo Via T*: nun prazo de 14 días naturais desde a contratación en liña do Servizo, salvo que o Cliente faga uso do Servizo con anterioridade, en cuxo caso o dereito de desistencia decaerá coa utilización do primeiro día/hora/euro de aparcadoiro segundo corresponda, atendendo a que o servizo se comercializa como un paquete unitario, no que SABA aplica bonificacións sobre o prezo tendo en conta esa contratación unitaria.

*Naqueles produtos nos que sexa necesario que o troco se realice fisicamente no aparcadoiro e nos que o cliente procedera á retirada dos tíckets que dan dereito á*

*utilización do servizo, o dereito de desistencia deberá realizarse fisicamente no mesmo aparcadoiro no que se realizou o troco, procedendo á devolución da totalidade do produto*.

iii) As *Campañas promocionais* estarán suxeitas aos termos que se establezan na oferta, promoción, publicidade ou no propio contrato.

O prazo de desistencia expirará aos 14 días naturais dende o día da contratación dos Servizos.

Para exercer o dereito de desistencia, o Cliente deberá notificar ao enderezo de correo electrónico atclientesaba@saba.eu, indicando no asunto da mensaxe "*Baixa (nome do Servizo contratado*", a súa decisión de desistir do contrato a través dunha declaración inequívoca. Para tal efecto, o Cliente poderá utilizar o modelo de formulario de desistencia que figura no Anexo 2, aínda que o seu uso non é obrigatorio.

En caso de desistencia pola súa parte, SABA comunicaralle por correo electrónico o xustificante de recepción da súa desistencia e devolverá todos os pagamentos que recibiu do Cliente, sen ningunha demora indebida e, en todo caso, o máis tardar 14 días naturais a partir da data na que o Cliente informe a SABA da súa decisión de desistir do presente Servizo contratado. SABA efectuará o devandito reembolso utilizando o mesmo medio de pagamento empregado polo Cliente para a transacción inicial. En calquera caso, non incorrerá en ningún gasto como consecuencia do reembolso.

O reembolso considerarase executado se o Cliente non o rexeita no prazo de catorce (14) días naturais desde a data de recepción. O exercicio do dereito de desistencia extinguirá as obrigas de SABA co Cliente en relación co Servizo ao que desista.

As presentes condicións só serán aplicables no caso de que o Cliente sexa consumidor e usuario de conformidade coa definición establecida no Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

## 7. **RESPONSABILIDADE**

SABA non será responsable de ningún atraso ou incumprimento das súas obrigas se o devandito atraso ou incumprimento fose debido a circunstancias alleas ao noso control razoable.

Salvo que se dispoña expresamente o contrario nos presentes Termos e Condicións, a responsabilidade de SABA estará limitada estritamente ao prezo de compra do Servizo.

O disposto na presente cláusula non afectará os dereitos legais que lle correspondan como consumidor e usuario, nin o seu dereito a desistir do Contrato.

8. **Confidencialidade e privacidade**

Coa aceptación dos presentes Termos e Condicións, tal e como se previu ao inicio do presente documento, o Cliente acepta expresamente e manifesta coñecer a Política de Privacidade e de Cookies, que tamén rexen o uso que realice dos Servizos.

9. **Duración e terminación do contrato**

Os presentes Termos e Condicións terán unha duración indefinida.

A conta do Cliente da Oficina Virtual e toda a información recollida e almacenada borrarase. A cancelación dos devanditos datos de acceso irá acompañada da de todas as chaves de acceso ás contas, e a información das entidades financeiras, entidades de pagamento ou provedores de servizos financeiros ou outros servizos non financeiros con cuxos datos opere o Sitio Web. En consecuencia, non será posible vincular estas chaves ao identificador xa cancelado do antigo Cliente. Pola súa parte, SABA poderá cancelar o Servizo mediante unha comunicación enviada ao correo electrónico asociado e/ou indicado polo Cliente cunha antelación de quince (15) días. Non será necesario alegar causa ningunha; a cancelación do Servizo por parte de SABA non dá dereito a ningunha compensación, sen prexuízo de que SABA restitúa ao Cliente as cantidades aboadas e non usufrutuadas polo Cliente como consecuencia da cancelación anticipada da relación por parte de SABA.

Este aviso previo non será necesario no caso de que se suspenda o Servizo como consecuencia da utilización incorrecta do Sitio Web ou da conta da Oficina Virtual por parte do Cliente, que puidese incidir negativamente na súa prestación ou no suposto de incumprimento grave de calquera outra obriga do Cliente, incluído estar ao corrente no pagamento dos servizos de pagamento de SABA para beneficiarse deles.

10. **Cancelación dos servizos**

O Cliente poderá cancelar os Servizos de conformidade cos seguintes termos:

i) *Abonos*: os abonos pódense dar de baixa antes do día 25 do mes anterior.

ii) *Tempo horas, vales horarios, vales euros, multidías e saldo Via T*: o uso do primeiro día/hora/euro de aparcadoiro, segundo corresponda, dará lugar á execución completa do contrato, sen que exista dereito á cancelación parcial do Servizo, atendendo a que o servizo se comercializa como un paquete unitario, no que SABA aplica bonificacións sobre o prezo tendo en conta esa contratación unitaria.

iii) As *Campañas promocionais* estarán suxeitas aos termos que se establezan na oferta, promoción, publicidade ou no propio contrato.

11. **Validez e acordo completo**

A declaración de nulidade ou invalidez de calquera estipulación contida nos presentes Termos e Condicións non afectará á validez e á eficacia das demais cláusulas.

Os presentes Termos e Condicións dos Servizos prestados por SABA a través do Sitio Web, así como o Aviso Legal e a Política de Privacidade e de Cookies, constitúen o acordo total entre as partes, considerándose de rango superior a calquera acordo previo escrito ou verbal, entendemento, afirmación, representación, negociación ou propósito de acordo en relación con esta materia.

12. **Lexislación aplicable**

A relación entre SABA e o Cliente rexerase, para todos os efectos, pola lexislación española.

Salvo disposición legal en sentido contrario, a relación entre SABA e o Cliente rexerase pola normativa española vixente e calquera controversia someterase aos Xulgados e Tribunais de Barcelona (España).

## ANEXO 1. COMPAÑÍAS DO GRUPO SABA

| SOCIEDAD | CIF | DIRECCIÓN POSTAL | CORREO ELECTRÓNICO | APARCAMIENTO |
|---|---|---|---|---|
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | BERENGUER I CARNICER (Girona) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | BUCARAMANGA (Madrid) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | CAL RONDINA (Vilafranca) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | CAN XAMMAR (Mataró) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | CARDONA VIVES (Castelló) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | CARLES III |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | CATEDRAL |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | CIM VALLES |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | CLINICA CIMA |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | DR.ROBERT (Sabadell) |
| Societat d'Aparcaments de Terrassa, S.A. | CIF número A-61597183 | Subsòl de la Plaça Vella,s/n, 08221 Terrassa | web@saba.eu | Dr.ROBERT (Terrassa) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EDIFICIOS MÚLTIPLES (Las Palmas) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EL FIRAL (Figueres) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EL GARRIGAL (Figueres) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | GRACIA I |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | GRACIA II |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | GRUA CORNELLA |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | GRUA ST. FELIU DE LLOBREGAT |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | HOSPITAL DE MATARÓ |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | HOSPITAL MACARENA (Sevilla) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | HOSPITAL SANT JOAN DE DEU |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | HOSPITAL SANT PAU |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | JOAN GUELL |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | LA RIERA (Mataró) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | LLUIS COMPANYS |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | MAISONAVE (Alacant) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | MERCAT CENTRAL (Sabadell) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | METRO NUEVOS MINISTERIOS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PASSEIG DE MAR (Blanes) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PAU CASALS |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PAU CLARIS |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PK CORNELLA |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PK MOLINS DE REI |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PK PLATJA D'ARO |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PK SALOU |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAÇA CAL FONT (Igualada) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAÇA CATALUNYA |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAÇA CATALUNYA (Figueres) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAÇA LA PLANA (Badalona) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAÇA MAJOR (Vic) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAÇA MAJOR CASTELLAR |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAÇA PENEDÈS (Vilafranca) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAÇA STA ANNA (Mataró) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAÇA URQUINAONA |
| Societat d'Aparcaments de Terrassa, S.A. | CIF número A-61597183 | Subsòl de la Plaça Vella,s/n, 08221 Terrassa | web@saba.eu | PLAÇA VELLA (Terrassa) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAÇA. DEL CALL (Puigcerdà) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAZA DEL CASTILLO (Pamplona) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PLAZA MOSTENSES (Madrid) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PORT CAMBRILS |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PORTA MORERA (Elx) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PUERTO BANUS (Marbella) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PZA. CONCORDIA (Sevilla) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PZA. ESPAÑA (Las Palmas) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PZA. PALLOZA (Coruña) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | PZA. PONTEVEDRA (Coruña) |
| Societat d'Aparcaments de Terrassa, S.A. | CIF número A-61597183 | Subsòl de la Plaça Vella,s/n, 08221 Terrassa | web@saba.eu | RAVAL MONTSERRAT (Terrassa) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | REY DON JAIME (Castelló) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | RIERA S.VICENÇ (Cadaqués) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | RIVADENEYRA (Barcelona) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | SA GERRERIA - PALMA DE MALLORCA |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | SANTA CATALINA (Las Palmas) |
| Saba Aparcament Santa Caterina, S.L. | CIF número B-64359573 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | SANTA CATERINA (Girona) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | SOLER I CARBONELL (Vilanova) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | TRASPALACIO (Elx) |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | TRAVESSERA, 17-21 |
| Saba Aparcamientos, S.A. | CIF número A-08197931 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | TRAVESSERA,43 |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | BARCELONETA |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | DIPUTACIÓ |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. A CORUÑA |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. ALBACETE |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. ALCAZAR DE SAN JUAN |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. ALGECIRAS |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. ALICANTE |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. ALMERÍA |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. ANTEQUERA-SANTA ANA |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. BARCELONA CLOT |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. BARCELONA SANTS |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. BILBAO |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. CADIZ |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. CIUDAD REAL |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. CORDOBA |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. CUENCA |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. FERROL |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. FIGUERES |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. GIRONA |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | EST. GRANADA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. IRUN** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. JAEN** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. LEON** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. LLEIDA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. LOGROÑO** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. MADRID-CHAMARTÍN** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. MADRID-PUERTA ATOCHA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. MÁLAGA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. MERIDA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. MURCIA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. NUEVOS MINISTERIOS** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. OURENSE** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. PONTEVEDRA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. PUENTE GENIL** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. PUERTOLLANO** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. REQUENA UTEL** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. RONDA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. SALAMANCA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. SANTANDER** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. SANTIAGO** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. SEGOVIA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. SEVILLA PLAZA DE ARMAS** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. SEVILLA SANTA JUSTA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. TARRAGONA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. TOLEDO** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. VALENCIA CABANYAL** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. VALENCIA JOAQUÍN SOROLLA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. VALENCIA NORD** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. VALLADOLID** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. VIGO GUIXAR** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. VIGO URZAIZ** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. VILLALBA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. VILLENA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. XATIVA** |
| Saba Park 3, S.L., Sociedad Unipersonal | CIF número B-66130097 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **EST. ZARAGOZA** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **FRANCESC CAMBÓ** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **GAL·LA PLACÍDIA** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **HOSPITAL CLINIC** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **ILLA RAVAL** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **LONDRES** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **PARAL·LEL** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **PASSEIG DE GRACIA (GRACIA III)** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **PLAÇA DEL SOL** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **PLAÇA DELS ÀNGELS** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **RAMBLA CATALUNYA** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **SIRACUSA** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **TARRADELLAS I** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **TARRADELLAS II** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **TARRADELLAS III** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **URGELL** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **VALÈNCIA - CALÀBRIA** |
| Barcelona d'Aparcaments Municipals, S.A. | CIF número B-66383902 | Avenida del Parc Logístic, 22-26, 08040 Barcelona | web@saba.eu | **VILARDELL** |

**ANEXO 2. MODELO DE FORMULARIO DE DESISTENCIA**

(*só debe cubrir e enviar o presente formulario se desexa desistir do contrato*)

– Á atención de:

[NOME EMPRESA SABA]

(*Enderezo: Avda. Parc Logístic, 22-26, 08040 de Barcelona, s*

*fax:*

*Enderezo de correo electrónico*:

– Pola presente comunícolle/comunicámoslle (*) que desisto do meu/desistimos do noso (*) contrato de compra do servizo (*)

- Número de localizador (*)

– Pedido o/recibido o (*)

– Nome do consumidor e usuario ou dos consumidores e usuarios: (*)

– Domicilio do consumidor e usuario ou dos consumidores e usuarios: (*)

– Sinatura do consumidor e usuario ou dos consumidores e usuarios (*só se o formulario se presenta en papel*)

– Data